

García-Negro, María do Carme

Article

Retos para a economía galega e papel da industria

Atlantic Review of Economics (ARoEc)

Provided in Cooperation with:

Economists Association of A Coruña

Suggested Citation: García-Negro, María do Carme (2023) : Retos para a economía galega e papel da industria, Atlantic Review of Economics (ARoEc), ISSN 2174-3835, Colegio de Economistas de A Coruña, A Coruña, Vol. 6, Iss. 1, pp. 1-8

This Version is available at:

<https://hdl.handle.net/10419/312975>

Standard-Nutzungsbedingungen:

Die Dokumente auf EconStor dürfen zu eigenen wissenschaftlichen Zwecken und zum Privatgebrauch gespeichert und kopiert werden.

Sie dürfen die Dokumente nicht für öffentliche oder kommerzielle Zwecke vervielfältigen, öffentlich ausstellen, öffentlich zugänglich machen, vertreiben oder anderweitig nutzen.

Sofern die Verfasser die Dokumente unter Open-Content-Lizenzen (insbesondere CC-Lizenzen) zur Verfügung gestellt haben sollten, gelten abweichend von diesen Nutzungsbedingungen die in der dort genannten Lizenz gewährten Nutzungsrechte.

Terms of use:

Documents in EconStor may be saved and copied for your personal and scholarly purposes.

You are not to copy documents for public or commercial purposes, to exhibit the documents publicly, to make them publicly available on the internet, or to distribute or otherwise use the documents in public.

If the documents have been made available under an Open Content Licence (especially Creative Commons Licences), you may exercise further usage rights as specified in the indicated licence.

RETOS PARA A ECONOMÍA GALEGA E PAPEL DA INDUSTRIA

María do Carme García-Negro. Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

Gostaríame comezar cun ton sobrio a respecto da posibilidade persoal de me introducir no campo da prospectiva. Non serei quen de pensar na posibilidade de realizar tal labor.

E conste que o intentei e tamén intentei asesorarme. Para me dotar dunha metodoloxía adecuada acudín a dúas fontes que máis que de economía me situaron no campo da erudición filosófico-especulativa (esta última palabra entendida en todas as súas acepcións): unha, na obra de Taleb (Nassim Nicholas); *El Cisne Negro* foi quen de me conducir pola senda buscada: é imposible facer prospectiva ou coñecer o impacto do altamente improbable, como reza no subtítulo da citada aportación. E outro autor inspirador (agora cadra o de especular) é o sr. Soros (George) que foi aplicándose, nos últimos anos, a teorizar *ex-post* como se producen as crises financeiras e o proveito que se pode tirar de contribuír á súa provocación.

Non obstante, hai unha aportación interesante nos escritos formais do sr. Soros; referímonos ao concepto de reflexividade: a influencia das percepcións das persoas sobre a realidade conleva influír na situación, sexan ou non científicas, verdadeiras ou sequer reais. De feito, a natureza das ideoloxías (falsas ou verdadeiras no sentido precientífico) poden transformar a realidade como resultado das eleccións de acción escollidas. Nega a idea neoclásica do coñecemento perfecto, a ausencia de incertidume por coñecemento completo e a tendencia ao equilibrio dos mercados.

Desde Soros camiñamos a *l'idéal* de Maurice Godelier, que achegou a insuperábel noción do construto colectivo *dunha* idea de como son as cousas, e de como este construto funciona máis alá da súa natureza falsa ou real. Tanto no caso de Soros como no de Godelier atopamos casos da vida política e económica actual perfectamente encuadrábeis neses conceptos: como gañou Trump as eleccións, como se gañou o referendun do Brexit no Reino Unido, ou como se desenvolveu a crise financeira rusa de 1998. O primeiro autor demostra a imposibilidade de coñecer predictivamente en

ciencias sociais, dado o degrau enorme de incertidume en que se move o sistema; o peso dos acontecementos non esperados, a imposibilidade de anticipar eses acontecementos e a debilidade dos modelos que abstraen tantas variábeis, adelgazan tanto os elementos a considerar que son só un moi pálido ou tenue reflexo da realidade. Eu achei que tiña moita razón: así, por exemplo, quen pensaba que, unha vez remontada a crise de 2008, non se iniciaría unha serie de acontecementos de natureza económica ou extraeconómica gravísimos e inesperados: non houbo un só premio Nobel de nengunha materia que se aproximase a predicir a pandemia provocada polo covid19 na que aínda estamos.

Ao par deste “cisne negro” palidecen uns outros feitos, igualmente inesperados, que mudaron fortemente as relacións económicas no mundo. O Brexit non só vai facer tremer ao Reino Unido, senón que é un elemento de mercado que muda -nalgúns sectores totalmente- as bases do negocio, sen citar o que vai significar na redefinición de estratexias xeopolíticas de nivel mundial. Quen predixo que o volcán de La Palma en erupción derrame lume do inferno sobre facendas e construcións nunha illa das afortunadas?. Quen alertou en 2019 que en Europa, na UE, segunda potencia mundial, non tiñamos fábricas nen de máscaras? Quen podería pensar que co bon resultado económico da potencia mundial, China, que se revelou aos ollos dos despistados como xigante económico, ía presenciar a senda, cara a creba, do tamén xigante inmobiliario Evergrande? (este xigante ten unha débeda de 300.000 Millóns de dólares, comezou a rexeitar os primeiros pagamentos e acompañaase doutras promotoras chinesas que entre todas acumulan unha débeda de 5,2 billóns -europeos- de dólares, algo máis que o PIB xaponés do ano pasado, terceira economía mundial). Quen puido predicir que a República chinesa prohibiría as criptomoedas ou o pequeno país República de El Salvador cambiaría a colón por bitcoins cunha poboación con uso de internet do 50%?.

Con este panorama, e para non caír na frivolidade de dicir: ‘non podemos dicir nada’, ímonos pór a contestar algunhas preguntas que foron formuladas.

A prospectiva, entendida como creación de coñecemento novo, dicíamos, é imposíbel, mais si é factíbel coñecer con que contamos, organizar o coñecemento dos recursos e organizar tamén os medios para poñer en práctica as accións necesarias, e conseguir solucionar os problemas económicos actuais. Isto é posíbel, ao igual que é practicábel realizar cada día as accións que se corresponden cun traballo planificado para acadar un obxectivo predeterminado. Se os medios foren adecuados e se cumpriren os requisitos, é probábel que se alcance o obxectivo.

Comezando polo terrorífico *cisne negro* que nos cadrou contemplar, e non sen distancia, sofremos coa pandemia a maior debacle económica coñecida na vida dos aquí presentes.

Non era sequer imaxinábel pensar o que significaría unha caída do PIB nun ano do 14%. E aquí estamos.

Cifras temíbeis á parte, a pandemia, o confinamento e as súas consecuencias económicas e sociais deixaron ao descuberto unha serie de cuestións de certa importancia económica, social e política. Só para citar feitos da tona da realidade, soubemos que non tiñamos fábricas de bens elementais de contido tecnolóxico básico, que non había capacidade instalada para producir de forma masiva vacinas, que no Estado Español se fixeron un 'lío' coa asunción de competencias e a posibilidade de exercelas, que se pode pasar certo tempo sen viaxar, que hai moitos labores realizábeis de forma telemática que amosaron que se pode reducir a contaminación do tráfico aéreo, e que o traballo das mulleres, mesmo as denominadas non activas, poden solventar situacións extremas, igual que pasa nas guerras.

Deses feitos, algúns han ficar como lección e outros non van valer nen para lembrar.

Unha consecuencia evidente foi a derrota dos ideólogos da defensa do adelgazamento do Estado - como administración, como responsábel e como tutelador final-, xa que non houbo máis que un clamor xeral saído de todas as partes políticas para que o Estado (e os outros órganos institucionais, autonómicos ou locais) asumisen o seu papel executivo.

A Unión Europea exerceu o rol coordinador e executor intervindo no mercado mundial para compras masivas (algunhas en evidencia de inxenuidade), pero logrando ao fin unha subministración como se esperaba na Unión. A dotación de fondos extraordinarios para contribuír á saída airosa do pozo económico é ao noso entender o feito de maior relevancia económica que se pode producir nas vidas dos que aquí nos congregamos. A utilización de 140.000 millóns de euros (non sabemos canto será empregado na economía galega,) de maneira racional é o asunto que nos trae hoxe aquí. Na Galiza esperaríamos entre 7 e 8.000 millóns de euros, que por xunto significan unha posibilidade de investimento dunha vez como o 10% do PIB. Nunca, e no curto prazo, houbo esta oportunidade.

A racionalidade escollida

Os retos da economía galega para o futuro inmediato son entendidos na nosa perspectiva como unha escolla de economía política para este país: partimos da necesidade de lograr un crecemento económico que incorpore ao tecido produtivo galego unha parte substancial do excedente económico xerado. Se este punto de partida é entendido como un xuízo de valor a respecto do modo de crecemento: é así, e así debe ser entendido, neste caso o feito de explicitalo é suficiente requisito en teoría do coñecemento para estar a salvo de calquer impregnación ideolóxica oculta que enturbie a análise.

O PIB galego, antes da pandemia, medraba con taxas positivas semellantes ás do noso entorno económico, mais non suficientes para xerar demanda crecente de forza de traballo. Se antes do 2019 o PIB medraba arredor do 2% anual e a produción industrial en taxas moi aceptábeis (desde 1,8% ao 4,9% do 2018), o certo que nengún deses crecementos foi quen de facer diminuír a taxa de paro. É máis, observamos que a evolución vacilante desta taxa acaba indicando a necesidade de observar a evolución da poboación activa da última década, 2009-2020: está diminuindo de forma preocupante, pasamos de 1.309.800 activos a 1.220.900 en 2020. Pode dicirse que as taxas de paro non poden moverse máis en ascenso porque o fenómeno que se produciu -independente da pandemia- foi o abandono, protagonizado por certas capas de traballadoras/es, do mercado de traballo, como oferentes de forza laboral.

Engadiremos que, á contra do que sucede no conxunto da economía do Estado español, a recuperación económica na Galiza non veu da man da realización do consumo das economías domésticas (agora chamados fogares), e si é froito do movemento moi dinámico do mercado exterior. Importacións e exportacións (entendidas ao resto do mundo e non como saída da Galiza a mercados do Estado) foron responsábeis do crecemento da demanda, de tal forma que tanto exportacións como importacións medraron un 23,3% no que levamos de 2021.

A evolución dos empregos industriais segue unha senda decrecente, indicadora dunha evolución negativa para o emprego e tamén para a nosa focaxe sobre o papel da industria. En 2008 a poboación ocupada na industria era de 215.000 persoas, e no 2021, no segundo trimestre, de 168.000. Esta

evolución non é explicábel polo efecto derivado da conversión en servizos de antigas actividades industriais, nen polo efecto estatístico do cambio de CNAE nen por nengua substitución de actividades noutros sectores económicos: é pura e netamente caída da industria, desindustrialización e desinvestimento. (Por outra parte, o aumento de emprego no sector servizos nen chega como paliativo nen significa igual economicamente que a industria en 2008: 755.400, e en 2021: 763.500).

A realidade económica galega no presente está, ao noso modo de ver, afectada dun problema grave: non se albisca futuro de crecemento económico autocentrado. E de aquí se derivan unha serie de problemas que adoitan aparecer como causas, cando son só síntomas dese primeiro. Nen a evolución demográfica, nen a cualificación da forza de traballo, nen os problemas vinculados ao financiamento nen o socorrido rol atribuído ás infraestruturas poden ser examinados con poder de variábeis explicativas na evolución a ralentí da economía galega. Certo tamén que hai diferenzas notábeis entre uns e outros sectores, mais na industria entendida como motor do crecemento hai causas comúns na debilidade da súa potencia de crecemento e arrastre.

Se tomamos como caso o dun sector realmente potente e dinámico como é o sector pesqueiro (na nosa denominación o conxunto extractivo pesqueiro, marisqueiro, miticultor e industrial/comercial), depende nunha parte importante -cada día- do humor do Director da DG Mare da Comisión, o sr. Virginijus Sinkevicius, lituano, dun país que ten unha costa como dúas veces o Morrazo e cun PIB total menor que o galego. Un cambio nunha norma de procesos de produción pesqueira ou nas condicións de intercambio no tocante ás importacións de equivalentes pode esvaír as condicións de negocio creadas ao longo de anos (dous casos, por exemplo, as obrigas de localización requerida dos buques pesqueiros, cando é evidente que podería ser considerado espionaxe industrial, ou non esixir ás importacións os mesmos requisitos sanitarios que á produción comunitaria).

Noutros sectores, todos eles internacionalizados, pasouse dunha economía pechada a unha economía extravertida con dependencia exterior en aspectos básicos: nos inputs, así como ausencia de dominio das condicións de mercado, e a máis relevante: o significado do capital instalado de gran tamaño non está vinculado a decisións estratéxicas do mercado español, pero usa recursos galegos e detrae na súa medida dedicación pública utilizábel alternativamente. Refírome ás necesidades sobrevidas da instalación de certas unidades de produción de tamaño grande comparadas coa media da industria española e galega (Stellantis, Alcoa, Ence, Repsol, Endesa...) que, xerando demanda de forza laboral

en positivo, non o é de forma crecente; estando instaladas aquí xeran e xeraron certas necesidades de ordenación tanto do territorio como doutros recursos naturais, financeiros e orzamentarios (por exemplo, en capacitación a cargo público dos traballadores, as subvencións, as obras públicas...).

Territorio, ensino, infraestruturas públicas, foron enfocados, ao longo de períodos que parecen non ter fin, en función de necesidades que denominaremos sobrevidas, polo que semellan de improvisación. En cambio, os sectores produtivos industriais propios, no sentido de instalación e dominio, deféndense en función da extraordinaria capacidade empresarial e tesón heroico pero sen plan autonómico ou estatal propio. Non hai máis que observar as diferentes portas a franquear por unha multinacional de ámbito mundial e capital estranxeiro, e as que deben atravesar as empresas galegas pemes e medianas para lograr trato de atención pola parte pública. Se aquí custa 24 meses conseguir unha licenza de primeira instalación (ou un empadronamento, 20 días), Portugal, Euskadi ou Irlanda non gardan comparación. Parece que de novo tropezamos nunha pedra que corta o camiño en lugar de facilitalo: o funcionamento do que podemos chamar Estado -en ampla acepción- non facilita a evolución positiva do que podería ser un sector industrial galego potente.

A necesidade de industria nova explícase polas razóns básicas seguintes, e nas que semella haber acordo unánime entre os especialistas en crecemento económico:

A industria instalada é a única actividade económica con poder de arrastre industrial. Este arrastre cara atrás (recursos da economía) e cara adiante (novos requerimentos industriais e de servizos vinculados á actividade produtiva) é quen de xerar, en forma de proceso e máis en cascada, demanda positiva de forza laboral nova que, ao igual que cando se instala capital estranxeiro, se pode ir cualificando sobre a marcha e logo se dotar de cualificación programada. A industria é capaz, grazas á organización dos seus procesos produtivos, de contribuír en certa medida a melloras na organización social e dos servizos económicos do lugar de instalación. Este logro é quen de dotar de capacidade organizativa nova até aos servizos non vinculados directamente á produción industrial, desde os servizos persoais até os de asistencia pública, pasando polo ensino ou os centros de ocio. A industria propia, a transformadora de recursos propios, nos seus distintos tamaños -desde pemes a multinacionais galegas- é a única garantía de xerar emprego e contribuír positivamente ao crecemento económico na Galiza. O aspecto económico do vínculo é decisivo en economía, e ben observábel nos tempos presentes: non hai razóns só de beneficio para as estratexias de localización/permanencia dos

grandes grupos mundiais; máis ben unha redefinición de localizacións en función de intereses mundiais e non de factorías máis ou menos exitosas (Alcoa e Vestas son un bon caso). Mais a capacidade do Estado sobre as decisións do capital de ámbito mundial é ben cativa, mesmo despois de ter sido contribuínte neto con facilidades de todo tipo para a súa instalación (desde un porto estatal até modificacións en vías de comunicación, subvencións e todo o que falta fixer). En cambio, en deseño, programación, se se quer, planificación do uso de fondos novos como van ser os 'Next Generation', os gobernos autónomo e central poden e deben levar a cabo deseño dun uso en investimentos industriais adecuados ás necesidades de crecemento económico nas condicións que levamos apuntado- capital público para se unir a capital privado en actividades produtivas de éxito recoñecido en Galiza mesmo aquelas que teñen dado orixe a compañías de tamaño multinacional: transformadoras de recursos gandeiros, agrarios, forestais, pesqueiros e mineiros dos que temos dotación cumprida -utilización para as mesmas finalidades cun programa público ambicioso de financiamento novo e financiamento autonómico, xa que aínda está sen coñecer o destino do abundante aforro galego que semella que ten función dunhas mans mortas.

A definición que aquí se fai do Estado é para abranxer o conxunto de actividades que realiza e que van moito máis alá da capacidade manifestada nos orzamentos. O Estado e as institucións que forman parte del (inclúo a Xunta de Galiza, as Deputacións e as entidades locais) poden ser unha alavanca positiva do crecemento económico ou un impedimento.

Hoxe en día, en moitos niveis da vida económica considérase que é un estorbo, unha complicación ou un disuasor de novos proxectos.

E para, perto do final, me dotar dunha cobertura de autoridade externa moi pouco discutida nos ambientes económicos do rexime, citarei o Informe anual 2020 do Banco de España. Logo de enumerar os principais retos da economía española, nos que, ao noso entender, fai una relación heteroxénea de síntomas e causas (pero ninguén é perfecto: crecemento potencial reducido, envellecemento da poboación, sostenibilidade das finanzas públicas [creo que quer dizer solvencia a medio prazo], deficiencias do mercado laboral, capital humano [que quer dizer características da forza laboral, desigualdade, transición ecolóxica, dixitalización, desafíos sector bancario [creo que quer dizer nova crise]], propón o que denominan en español alavancas para se enfrontar aos retos descritos e son:

- Estratexia integral de reformas estruturais
- Plan (o Banco de España fala de plans!!!!) de consolidación fiscal multianual
- Programa Europeo 'Next Generation'

Á estratexia integral de reformas estruturais, querémonos referir. É imposible sen reformar a administración e as institucións públicas acordes coa economía e a sociedade do século XX, poder predicar condicións de crecemento económico. Desde o número, o tamaño, a organización interna e o seu rol na sociedade, todo está necesitado dun cambio ambicioso nas administracións públicas e nas propias institucións. Hoxe non é admisíbel que coas capacidades que existen en vías de comunicación (físicas e telemáticas), coas capacidades demostradas de organización en grandes colectivos, sexan empresariais ou doutro tipo, ter nun país como este 313 concellos, soportar o custo de manter unhas deputacións provinciais en superposición a concellos e atrapadas en funcións polas do Xunta como executivo autonómico, e, ademais, sobrepór a todo ese entramado obsoleto a administración do Estado que vehiculiza a organización normativa e orzamentaria comunitaria. As funcións e os servizos requeridos polas necesidades cidadás non están hoxe vinculados á existencia física dunha sede, como ficou nididamente amosado no confinamento. E as necesidades mesmo do uso dos fondos comunitarios, tal e como queda plasmado no Informe citado, vincúlanse directamente á demostración da capacidade en xestión pública áxil, transparente e capaz.

Finalmente, para dar remate a esta miña achega, só me resta unha nova chamada ao que denominamos racionalidade. Na historia do desenvolvemento dos países que avanzaron antes ca nós na senda do crecemento, está presente sempre a industria e o empapado das sinerxias da industria propia, ou logo internalizada, nos restantes ámbitos da economía. Mesmo a citada Lituania, país do Comisario de Pesca, entre outras materias, tivo avances positivos moi notábeis nos últimos 10 anos, e, hoxe, a súa industria, que representa o 31% do PIB, é directamente responsábel do cambio lituano.

As economías non se modernizan por copiar o que a outras lles vai ben. Non vale o modelo dos bares das vilas: un en fronte doutro, e perden os dous. Cada economía ten unhas características dotacionais propias e precisa só tres cousas para medrar e reter unha parte aceptábel do seu excedente: organización, organización, organización, que agora, e co aval do Informe do Banco de España, podémolle chamar mesmo PLANIFICACIÓN.